

## I. DISPOSICIONES XERAIS

### MINISTERIO DE FOMENTO

**11559** *Real decreto 937/2014, do 7 de novembro, polo que se establece un réxime transitorio para o outorgamento de autorizacións de transporte de mercadorías por estrada para as empresas constituídas por antigos socios de cooperativas titulares de autorizacións de transporte.*

Co obxecto de facilitar o acceso ao mercado de transporte de mercadorías por estrada daquelas persoas que viñan realizando a súa actividade no ámbito de cooperativas dedicadas ao transporte cuxo réxime de contratación non se axustaba ao disposto na Lei de ordenación dos transportes terrestres, considerouse conveniente establecer un réxime transitorio durante o cal poidan obter a correspondente autorización de transporte, e adscribir as súas copias aos vehículos que xa viñan utilizando con anterioridade.

Iso non é óbice para que o Goberno continúe traballando, en cumprimento do mandato contido na disposición derradeira primeira da Lei 9/2013, do 4 de xullo, pola que se modifica a Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, e na Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, nunha revisión xeneralizada de todo o réxime regulamentario de ordenación dos transportes terrestres, no cal se terán en conta non só as modificacións que a dita lei introduciu, entón, no réxime substantivo de ordenación desa actividade, senón todos aqueloutros mandatos e directrices que derivan da aplicación de leis aprobadas con posterioridade e, moi especialmente, dos criterios sinalados pola Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado. Non obstante, a urxencia de articular unha alternativa á cuestión social máis arriba indicada aconsellou establecer unha medida de aplicación inmediata, sen esperar a encaixala no conxunto desa revisión xeneralizada.

Na tramitación desta disposición foron oídos o Comité Nacional do Transporte por Estrada e o Consello Nacional de Transportes Terrestres, así como os órganos competentes en materia de transportes das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla.

Este real decreto dítase en virtude da autorización contida na disposición adicional sétima da Lei de ordenación dos transportes terrestres.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 7 de novembro de 2014,

#### DISPOÑO:

*Artigo único. Réxime transitorio para o outorgamento de autorizacións de transporte de mercadorías por estrada para as empresas constituídas por antigos socios de cooperativas titulares de autorizacións de transporte.*

1. Non se requirirá o cumprimento da exigencia dunha antigüidade máxima dos vehículos para o outorgamento de novas autorizacións de transporte público de mercadorías habilitantes para realizar transporte con calquera clase de vehículos, contida na Orde FOM/734/2007, do 20 de marzo, pola que se desenvolve o Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres en materia de autorizacións de transporte de mercadorías por estrada, cando estas autorizacións as soliciten persoas xurídicas que acrediten o cumprimento das seguintes condicións:

a) Que o 25 de xullo de 2013 todos os socios da persoa xurídica solicitante da autorización eran socios dunha cooperativa titular dunha autorización de transporte público de mercadorías habilitante para realizar transporte con calquera clase de vehículos.

b) Que os vehículos a que se pretendan adscribir as copias da nova autorización se encontraban, o 25 de xullo de 2013, adscritos a copias da autorización de que era titular a cooperativa a que se fai referencia na letra anterior, ou son os que viñeron substituír os que nese momento se encontraban adscritos.

c) Que se cumpren todos os demais requisitos exixidos na Orde FOM/734/2007, do 20 de marzo, pola que se desenvolve o Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres en materia de autorizacións de transporte de mercadorías por estrada.

2. Non se requirirá o cumprimento da exixencia dunha antigüidade máxima dos vehículos para o outorgamento de novas autorizacións de transporte público de mercadorías exclusivamente habilitantes para realizar transporte con vehículos cuxa masa máxima autorizada non sexa superior a 3,5 toneladas, contida na Orde FOM/734/2007, do 20 de marzo, pola que se desenvolve o Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, en materia de autorizacións de transporte de mercadorías por estrada, cando as ditas autorizacións as soliciten persoas que acrediten o cumprimento das seguintes condicións:

a) Que o 25 de xullo de 2013 o solicitante da autorización era socio dunha cooperativa titular dunha autorización de transporte público de mercadorías por estrada.

b) Que os vehículos a que se pretendan adscribir as copias da nova autorización se encontraban, o 25 de xullo de 2013, adscritos a copias da autorización de que era titular a cooperativa a que se fai referencia na letra anterior, ou son os que viñeron substituír os que nese momento se encontraban adscritos.

c) Que se cumpren todos os demais requisitos exixidos na Orde FOM/734/2007, do 20 de marzo, pola que se desenvolve o Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres en materia de autorizacións de transporte de mercadorías por estrada.

Disposición derradeira primeira. *Revisión do réxime regulamentario de ordenación dos transportes terrestres.*

Sen prexuízo do disposto neste real decreto, o Goberno, en cumprimento do que se establece na disposición derradeira primeira da Lei 9/2013, do 4 de xullo, pola que se modifica a Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, e na Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, adaptará todo o réxime regulamentario de ordenación dos transportes terrestres ás modificacións introducidas pola dita lei, tendo en conta nesa adaptación, ademais, todos aqueloutros mandatos e directrices que derivan da aplicación de leis aprobadas con posterioridade e, moi especialmente, dos criterios sinalados pola Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.21.<sup>a</sup> da Constitución, polo que se lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre os transportes terrestres que transcorran polo territorio de máis dunha comunidade autónoma.

Disposición derradeira terceira. *Período de vixencia.*

O réxime establecido neste real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e perderá a súa vixencia o día 1 de maio de 2015.

Dado en Madrid o 7 de novembro de 2014.

FELIPE R.

A ministra de Fomento,  
ANA MARÍA PASTOR JULIÁN